

CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, MÍNIMOS EXIXIBLES E TEMPORALIZACIÓN EN EPVA 1º ESO

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos avaliación			Mínimos Exixibles	Temporalización
					SD/ACT	PO	CA		
Bloque 1. Expresión plástica									
b f n	<p>B1.1. Elementos configurativos da imaxe: punto, liña e plano.</p> <p>B1.2. Aprecio do uso que os/as artistas fan do punto, a liña e o plano para aplicalo ás propias composicións.</p>	B1.1. Identificar os elementos configuradores da imaxe.	EPVAB1.1.1. Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas.	CCEC	x		x	Analizar de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas identificando a importancia do punto, liña e plano.	1 sesión
b f n	<p>B1.3. O punto como o elemento máis sinxelo na comunicación visual.</p> <p>B1.4. Posibilidades gráficas e expresivas da liña en relación ao seu trazado, o seu grosor ou a súa velocidade.</p> <p>B1.5. Calidades do plano como elemento compositivo e como construtor de volume.</p>	B1.2. Experimentar coas variacións formais do punto, o plano e a liña.	<p>EPVAB1.2.1. Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas.</p> <p>EPVAB1.2.2. Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea.</p> <p>EPVAB1.2.3. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.</p>	CAA	x		x	<ul style="list-style-type: none"> Realizar composicións gráfico-plásticas baseadas en formas orgánicas nas que se experimente co valor expresivo do punto, a liña e o plano e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación. 	4 sesións
				CSIEE	x				
				CCEC	x				

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos avaliación			Mínimos Exixibles	Temporalización
a c d n o	B1.6. Elementos de expresión plástica: liña, textura e cor.	B1.3. Expresar emocións utilizando distintos elementos configurativos e recursos gráficos: liña, puntos, cores, texturas, claroscuros, etc.	EPVAB1.3.1. Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.).	CCL	x			Realizar composicións que transmitan emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.).	6 sesións
a f n	B1.7.Composición: elementos. B1.8. O ritmo na composición.	B1.4. Identificar e aplicar os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas.	EPVAB1.4.1.Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo.	CCL	x		x	Realizar composicións con elementos xeométricos nas que se apliquen conceptos de proporción, equilibrio e ritmo.	2 sesións
			EPVAB1.4.2.Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito.	CSIEE	x		x		
			EPVAB1.4.3.Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.	CCEC CSIEE	x				
			EPVAB1.4.4.Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.	CCEC	x				
a	B1.9. A cor coma fenómeno físico e visual. Mestura	B1.5. Experimentar coas	EPVAB1.5.1. Experimenta coas cores primarias e	CSC	x	x	x	Cofecer as cores primarias e	5 sesións

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos avaliación			Mínimos Exixibles	Temporalización
cdn	aditiva e mestura substractiva. B1.10. Círculo cromático. Cores complementarias.	cores primarias e secundarias.	secundarias, estudando a síntese aditiva e substractiva e as cores complementarias.					secundarias, as características da cor (saturación, tono e luminosidade) e realizar composicións con gamas de cor quentes e fríos.	
afco	B1.11. Texturas naturais e artificiais. Capacidade expresiva das texturas.	B1.6. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.	EPVAB1.6.1. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.	CSIEE	x			Diferenciar texturas táctiles e visuais, e introducilas como un elemento expresivo máis nas composicións de carácter figurativo ou abstracto	4 sesións
bcfgn	B1.12. Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.	B1.7. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor; colaxe.	EPVAB1.7.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.	CCL	x			<ul style="list-style-type: none"> • Manexo correcto das técnicas utilizadas en cada traballo: • lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas 	Ao longo de todas as actividades anteriores
			EPVAB1.7.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.	CSC	x				
			EPVAB1.7.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinces, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.	CCEC	x				

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos avaliación			Mínimos Exixibles	Temporalización
			EPVAB1.7.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.	CAA	x			<p>e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Aproveitar materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas. • Manter o espazo de traballo e o material en perfecto orde e estado, e achegalo á aula cando sexa necesario para a elaboración das actividades 	
			EPVAB1.7.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.	CSC	x				
			EPVAB1.7.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.	CSC	x				
			EPVAB1.7.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	CSC	x				
Bloque 2. Comunicación audiovisual									
a c d e f	B2.1. Imaxe e a comunicación visual. Iconicidade. Graos de iconicidade. Imaxe figurativa e imaxe abstracta.	B2.1. Recoñecer os graos de iconicidade en imaxes presentes no ámbito comunicativo.	EPVAB2.1.1. Diferencia imaxes figurativas de abstractas.	CCL	x		x	<p>Crear imaxes de distinto grao de iconicidade a partir dun referente real figurativo.</p>	3 sesións
			EPVAB2.1.2. Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes.	CCL	x				
			EPVAB2.1.3. Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.	CD	x				

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos avaliación			Mínimos Exixibles	Temporalización
a c	B2.2. Comunicación visual. Símbolos e iconas.	B2.2. Distinguir e crear tipos de imaxes segundo a súa relación significante -significado: símbolos e iconas.	EPVAB2.2.1. Distingue símbolos de iconas.	CCL	x		x	Deseñar símbolos e iconas	
f l o			EPVAB2.2.2. Deseña símbolos e iconas.	CD	x				3 sesións
c f g i h o	B2.3. O cómic: medio de expresión. Linguaxe do cómic.	B2.3. Analizar e realizar cómics aplicando os recursos de adecuadamente.	EPVAB2.3.1. Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas.	CCL	x			Crear unha pequena tira cómica usando correctamente a linguaxe do cómic	3 sesións
a c e h ñ o	B2.4. Comunicación visual: características e elementos que interveñen nela.	B2.4. Diferenciar e analizar os elementos que interveñen nun acto de comunicación.	EPVAB2.4.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual.	CSC	x		x	Identificar e analizar os elementos que interveñen en actos de comunicación visual.	2 sesións
a d e f h o	B2.5. Funcións das mensaxes na comunicación visual e audiovisual.	B2.5. Recoñecer as funcións da comunicación.	EPVAB2.5.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación audiovisual.	CCL	x		x	Distinguir a función ou funcións que predominan en mensaxes visuais e audiovisuais	3 sesións
			EPVAB2.5.2. Distingue a función ou funcións que predominan en mensaxes visuais e audiovisuais.	CD	x		x		
Bloque 3. Debuxo técnico									
b n o	B3.1. Elementos xeométricos fundamentais: punto, liñas e direccións. Posicións relativas entre rectas: paralelas, cortantes e perpendiculares.	B3.1. Comprender e empregar os conceptos espaciais do punto, a liña e o plano.	EPVAB3.1.1. Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma.	CAA	x		x	Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resaltar o triángulo que se forma.	1 sesión

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos avaliación			Mínimos Exixibles	Temporalización
b f n o	B3.2. Manexo da escuadra e cartabón para o trazado de paralelas, perpendiculares e rectas a 45°.	B3.2. Construír distintos tipos de rectas, utilizando a escuadra e o cartabón, despois de repasar previamente estes conceptos.	EPVAB3.2.1. Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.	CMCCT	x	x	x	Trazar rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.	2 sesións
b n o	B3.3. Circunferencia e círculo. A circunferencia como lugar xeométrico básico no plano.	B3.3. Coñecer con fluidez os conceptos de circunferencia, círculo e arco.	EPVAB3.3.1. Constrúe unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás.	CD	x		x	Construír unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás.	2 sesións
b f n o	B3.4. Manexo do compás. Dividir a circunferencia en dous, catro, seis ou oito partes iguais, usando o compás. Realizar motivos decorativos co manexo do compás.	B3.4. Utilizar o compás, realizando exercicios variados para familiarizarse con esta ferramenta.	EPVAB3.4.1. Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita.	CMCCT	x		x	Dividir a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxar coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita.	1 sesión
b o	B3.5. Ángulos. Clasificación de ángulos y posicións relativas. B3.6. Trazado de ángulos con escuadra e cartabón.	B3.5. Comprender o concepto de ángulo e bisectriz e a clasificación de ángulos agudos, rectos e obtusos.	EPVAB3.5.1. Identifica os ángulos de 30°, 45°, 60° e 90° na escuadra e no cartabón.	CSIEE	x	x	x	Identificar os ángulos de 30°, 45°, 60° e 90° na escuadra e no cartabón	1 sesión
b f o	B3.7. Realizar operacións con ángulos. Medidas angulares. Transporte de medidas angulares.	B3.6. Estudar a suma e a resta de ángulos, e comprender a forma de medilos.	EPVAB3.6.1. Suma ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás.	CMCCT	x	x	x	Sumar ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás	1 sesión
b o	B3.8. Bisectriz dun ángulo. A bisectriz como lugar xeométrico básico no plano.	B3.7. Estudar o concepto de bisectriz e o seu proceso de construción.	EPVAB3.7.1. Constrúe a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás.	CCEC	x	x	x	Construír a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás.	
b f g o	B3.9. Concepto de medida. Operacións con segmentos coa axuda da regra ou utilizando o compás.	B3.8. Diferenciar claramente entre recta e segmento tomando medidas de segmentos coa regra ou utilizando o compás.	EPVAB3.8.1. Suma ou resta segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás.	CMCCT	x	x	x	Sumar ou restar segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás.	1 sesión

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos avaliación			Mínimos Exixibles	Temporalización
bo	B3.10. Mediatriz dun segmento. A mediatriz como lugar xeométrico básico no plano.	B3.9. Trazar a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.	EPVAB3.9.1. Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.	CMCCT	x	x	x	Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.	1 sesión
bfo	B3.11. Teorema de Thales. Aplicacións do teorema de Thales para dividir un segmento en partes iguais e para a escala dun polígono.	B3.10. Estudar as aplicacións do teorema de Thales.	EPVAB3.10.1. Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales.	CCEC	x	x	x	Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales.	1 sesión
			EPVAB3.10.2. Escala un polígono aplicando o teorema de Thales.	CSIEE	x		x		
bgfo	B3.12. Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.	B3.11. Coñecer lugares xeométricos e defínilos.	EPVAB3.11.1. Explica, verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, biselector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).	CMCCT					1 sesión
bnfo	B3.13. Triángulos. Clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos. Propiedade fundamental dos triángulos.	B3.12. Comprender a clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos.	EPVAB3.12.1. Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos.	CCEC	x	x	x	Clasificar calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos.	3 sesións
bfno	B3.14. Construción de triángulos.	B3.13. Construír triángulos coñecendo tres dos seus datos (lados ou ángulos).	EPVAB3.13.1. Constrúe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas.	CAA	x	x	x	Construír un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas.	2 sesións
bf	B3.15. Liñas e puntos notables dos triángulos. Alturas, medianas, bisectrices e mediatrices	B3.14. Analizar as propiedades de puntos e rectas característicos dun triángulo.	EPVAB3.14.1. Determina o baricentro, o incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construíndo	CSIEE					

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos avaliación			Mínimos Exixibles	Temporalización
	dos triángulos.		previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes.						
b f	B3.16. Triángulo rectángulo: características e construción dun.	B3.15. Coñecer as propiedades xeométricas e matemáticas dos triángulos rectángulos, e aplicalas con propiedade á construción destes.	EPVAB3.15.1. Debuxa un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.	CMCCT	x		x	Debuxar un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.	1 sesión
b n	B3.17. Cuadriláteros: clasificación e propiedades.	B3.16. Coñecer os tipos de cuadriláteros.	EPVAB3.16.1. Clasifica correctamente calquera cuadrilátero.	CCEC		x	x	Clasificar correctamente calquera cuadrilátero.	1 sesión
b f n	B3.18. Construción de cuadriláteros.	B3.17. Executar as construcións máis habituais de paralelogramos.	EPVAB3.17.1. Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal.	CAA	x	x	x	Constrúe o cadrado dado o lado e o rectángulo dados os dous lados	2 sesións
b f n	B3.19. Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.	B3.18. Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.	EPVAB3.18.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.	CCEC	x	x	x	Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular	1 sesión
b f n o	B3.20. Construción de polígonos regulares inscritos nunha circunferencia.	B3.19. Estudar a construción dos polígonos regulares inscritos na circunferencia.	EPVAB3.19.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia.	CMCCT	x	x	x	Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia.	2 sesións

OBXECTIVOS EN 1º ESO

1. Recoñecer os elementos básicos da linguaxe visual e audiovisual e os códigos propios de cada medio de comunicación.
2. Diferenciar os principios de percepción utilizados para as diferentes finalidades das mensaxes visuales.
3. Distinguir e empregar recursos gráficos e dixitais para expresar as propias sensacións, emocións e ideas.
4. Coñecer os principais elementos plásticos dunha obra e valorar a súa importancia para xerar sensacións visuales ou psicolóxicas.
5. Representar composicións plásticas que expresen diversas sensacións a partir da organización dos elementos fundamentais.
6. Desenvolver un sentido estético da composición a través da lectura de imaxes e da propia expresión plástica.
7. Distinguir as principais calidades da cor e as súas variacións, para realizar determinadas combinacións cromáticas: primarias e secundarias.
8. Coñecer as relacións existentes entre as cores e apreciar as posibilidades expresivas da linguaxe cromática: harmonías de cor.
9. Apreciar o sentido da cor nos traballos artísticos e aplicalo con coñecemento nas súas propias obras.
10. Diferenciar as calidades e as estruturas básicas das formas e representalas gráficamente, e identificar as diferentes modalidades de debuxo que se utilizan para a súa representación.
11. Valorar a importancia expresiva das formas na linguaxe plástica e visual, e o xeito en que estas foron interpretadas polos principais estilos artísticos.
12. Apreciar o sentido das formas nos traballos artísticos e aplicalo con coñecemento nas súas propias obras.
13. Observar e recoñecer os recursos xeométricos básicos para representar o espazo e o volume sobre o plano, e valorar a súa importancia. Realizar vistas dun obxecto e a súa perspectiva.
14. Apreciar a incidencia da luz sobre o volume e representar este mediante o encaixado e o claroscuro.
15. Experimentar coas técnicas escultóricas do modelado.
16. Apreciar o sentido das formas e os volumes nos traballos artísticos, e aplicalo con coñecemento nas súas propias obras.
17. Analizar a figura humana mediante o estudo das súas proporcións e segundo os diferentes estilos artísticos, e utilizar a unidade de medida para representala.
18. Debuxar e compoñer figuras humanas en función do movemento, do xesto expresivo e da súa posición e punto de vista.
19. Coñecer a linguaxe do cómic e crear personaxes.
20. Coñecer as características da xeometría e utilizala en composicións de debuxo técnico e artístico.
21. Coñecer e manexar adecuadamente os instrumentos para os trazados técnicos.
22. Realizar composicións con elementos xeométricos básicos e coñecer as súas aplicacións na arte para comunicar ideas.
23. Coñecer e clasificar as formas poligonales básicas e aprender distintos métodos para a súa construción.
24. Realizar composicións expresivas con diferentes polígonos e identificar as súas aplicacións na arte.
25. Observar as imaxes da contorna natural e cultural, e identificar nelas as formas

simétricas e os principais fundamentos compositivos.

26. Distinguir os tipos de simetría e os diferentes esquemas, ritmos e leis da composición, e relacionalos con outras linguaxes expresivas.

27. Expresarse con creatividade mediante o uso das técnicas e os esquemas requiridos, e transmitir emocións ou sentimentos individuais e do grupo.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Terase en conta para calificar:

- TRABALLOS PRÁCTICOS. Calificarase, según o tipo de actividades, o seguinte:
 - Concordancia e adecuación co pedido.
 - Creatividade e orixinalidade.
 - Limpeza e precisión.
 - Acabado e presentación
 - Entrega na data acordada. Descontarase 0,5 por cada día de retraso na entrega
 - Grado de dificultade e esforzo persoal.
 - Grado de coñecemento das técnicas.
- PROBAS OBXECTIVAS: Cada exame se calificará de 0 a 10 puntos. A falta de limpeza pode baixar ata 1 punto.
- ACTITUDE NA MATERIA: Terase en conta a participación, o interese, levar o material a clase e o respecto pola boa dinámica da clase.
- LIBRETA DE TRABALLO: Na libreta de traballo recollerase os apuntes de clase, actividades diversas, resumos e anotacións de todo o relativo á marcha diaria da materia.

Por tanto, en cada avaliación, a nota quedará según o seguintes porcentaxes :

- Libreta de clase 10%
- Traballos prácticos 40%
- Probas obxectivas.40%. En caso de non haber probas obxectivas nunha avaliación, os traballos prácticos supoñerán o 80% da nota .
- Actitude na materia 10%. (Participación 3%, levar o material 4% e respecto polas normas da aula 3%)

Presentación da libreta

- É obrigatorio escribir a data e o enunciado dos exercicios (ou polo menos, facer referencia ao que pide cada un deles).
- Teranse moi en conta marxes, signos de puntuación, caligrafía e ortografía.

AVALIACIÓN ORDINARIA E EXTRAORDINARIA

Para a nota final na avaliación ordinaria en xuño, farase a media aritmética das tres avaliacións, tendo en conta a progresión favorable do alumno na terceira. A media ten que ser polo menos de 5 puntos.

Para a avaliación extraordinaria en setembro, o alumno deberá facer determinados traballos prácticos durante o verán e un control dos contidos da materia. Os traballos

deberán presentarse o día do control. A nota final de setembro será a media entre o obtido no control e a globalizada dos traballos prácticos. (50% exame, 50% traballos).

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

CA (Caderno)

SD (Seguimento diario)

ACT (Actividades para facer o alumno/a)

Se observan os seguintes instrumentos de avaliación:

– **Exploración inicial**

Para coñecer o punto de partida, resulta de gran interese realizar unha sondaxe previa entre os alumnos. Este procedemento servirá ao profesor para comprobar os coñecementos previos sobre o tema e establecer estratexias de afondamento; e para o alumno, para informalo sobre o seu grao de coñecemento de partida. O faremos a través dunha avaliación inicial.

– **Caderno do profesor para o seguimento diario.**

Consistirá no seguimento personalizado, onde se anoten todos os elementos que se deben ter en conta: asistencia, rendemento en tarefas propostas, participación, conduta, resultados das probas e traballos, etc.

Para completar o caderno do profesor será necesaria o seguimento diario, supervisar o caderno ou carpeta do alumno, tomar nota das súas intervencións e anotar as impresións obtidas en cada caso. Entre os aspectos que precisan dunha observación sistemática e análise de tarefas destacan:

- **Observación diaria:** valoración do traballo de cada día, moi utilizado para calibrar hábitos e comportamentos desexables.

- **Participación nas actividades da aula**, como debates, postas en común..., que son un momento privilexiado para a avaliación de actitudes. O uso da correcta expresión oral será obxecto permanente de avaliación en toda clase de actividades realizadas polo alumnado.

- **Traballo, interese, orde e solidariedade dentro do grupo.** Respecto polas normas da aula.

- Observación de que o alumno trae o material necesario a clase .

- **Caderno da clase**, no que o alumno anota os datos das explicacións, as actividades e exercicios propostos. Nel consígnanse os traballos escritos, desenvolvidos individual ou colectivamente na aula ou fóra dela, que os alumnos deban realizar a petición do profesor. O uso da correcta expresión escrita será obxecto permanente de avaliación en toda clase de actividades realizadas polo alumno. A súa actualización e corrección formal permiten avaliar o traballo, o interese e o grao de seguimento das tarefas do curso por parte de cada alumno e axudará a valorar distintas actividades, así como a organización e limpeza deste.

- **Probas obxectivas**

Deben ser o máis variadas posibles, para que teñan unha maior fiabilidade. Poden ser orais ou escritas e, á súa vez, de varios tipos:

De información: con elas pódese medir a aprendizaxe de conceptos, a memorización de datos importantes, etc.

De elaboración: avalían a capacidade do alumno para estruturar con coherencia a información, establecer interrelacións entre factores diversos,

argumentar lóxicamente, etc. Estas **tarefas competenciais** perseguen a realización dun produto final significativo e próximo ao contorno cotián.

De investigación:

Traballos individuais ou colectivos sobre diversos temas.

– **Rúbricas de avaliación:**

- Rúbricas para a avaliación de cada unidade didáctica e as actividades da mesma.
- Rúbricas para a autoavaliación do alumno.

RECUPERACIÓN DAS AVALIACIÓNS PENDENTES

Os mecanismos de recuperación están en función de todo o anteriormente exposto.

Entendemos que cada alumno debe recuperar aquilo no que non logrou os obxectivos propostos, de modo que:

- a) Deberá facer ou rectificar aqueles traballos que non fixo no seu momento ou fixo de modo non satisfactorio.
- b) Deberá volver estudar os contidos se esa é a súa insuficiencia.

Para recuperar as avaliacións pendentes, o alumno deberá entregar os traballos que non fixo ou que estaban suspensos na avaliación. Haberá, tamén, un exame sobre a materia . Este exame terá lugar ao inicio da seguinte avaliación. O alumno pode preguntar en clase ou en horas pactadas, as dúbidas ou problemas para corrixir os traballos. Os traballos contarán o 45% da nota de recuperación, e o axame contará o 45%. A actitude ante a materia, o 10%. Caso de que a recuperación consista só na entrega de traballos, e non haxa exame, a nota dos traballos contarán o 90% da nota final.